

1

Demografía e territorio

A área funcional de A Coruña está formada por cinco comarcas: A Coruña, Betanzos, Fisterra, Terra de Soneira e Bergantiños (a súa situación pode consultarse no **mapa 1.1.**). Esta é unha das doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas segundo a estrutura establecida no “Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia”, deseñado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia. Este plan púxose en marcha en 1991 como unha experiencia, pioneira en Europa, para o deseño dun modelo rexional de desenvolvemento local.

O Plan de Desenvolvemento Comarcal pode definirse como un modelo global de desenvolvemento local, destinado a fixar as liñas básicas do desenvolvemento económico e a determinar as áreas produtivas prioritarias das comarcas, considerando a estes efectos tanto a capacidade do potencial endógeno como a competitividade nos mercados dos produtos obtidos. Os seus precedentes teóricos están en estudos realizados anteriormente (desde 1983), publicados en revistas científicas ou en obras especializadas.

O **Mapa Comarcal de Galicia** define o ámbito de aplicación do devandito Plan e ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na Lei de Desenvolvemento Comarcal, onde se di: “a aplicación formal e temporal do Plano de Desenvolvemento Comarcal concretarase nun Mapa Comarcal no que aparecerá a delimitación territorial das distintas comarcas”.

O Mapa Comarcal está estruturado en 53 comarcas: 18 na provincia da Coruña, 13 na de Lugo, 12 en Ourense e 10 en Pontevedra. A esta organización territorial hai que engadir un decreto posterior que contempla a agrupación de comarcas en áreas funcionais, que coinciden coas áreas de influencia das cidades de Galicia (A Coruña, Santiago e Ferrol, na provincia da Coruña; Vigo e Pontevedra, na de Pontevedra; e as capitais nas provincias de Lugo e Ourense), para dar unha maior flexibilidade á organización territorial e adaptala aos novos requirimentos dos diferentes servizos administrativos, de xeito que, sexa cal fose a agrupación territorial que se faga con fins operativos, a unidade das comarcas permanece inalterábel.

Segundo o Decreto 335/1998, do 27 de novembro, polo que se regulan ás áreas funcionais, estas poden definirse como unha agrupación de comarcas en conxuntos territoriais axeitados ás necesidades de cada servizo ou función, configurando unha estrutura territorial supracomarcal complementaria para favorecer a xestión coordinada da organización territorial e funcional de Galicia, mantendo sempre as

Territorio e poboación na área funcional de A Coruña: distribución segundo comarcas e concellos

	Superficie (en Km ²)	Poboación 2007	Densidade de poboación	Entidades singulares
Área funcional de A Coruña	2.602,9	537.991	206,7	3.409
A Coruña	469,8	384.616	818,7	827
Abegondo	83,9	5.808	69,2	132
Arteixo	93,4	27.713	296,7	121
Bergondo	32,7	6.540	200,0	76
Cambre	40,7	22.513	553,1	118
Carral	48,0	5.647	117,6	126
A Coruña	37,6	244.388	6.499,7	46
Culleredo	62,3	26.707	428,7	59
Oleiros	43,8	31.694	723,6	81
Sada	27,4	13.606	496,6	68
Betanzos	677,0	39.261	58,0	1.086
Aranga	119,6	2.219	18,6	140
Betanzos	24,2	13.328	550,7	41
Cesuras	79,7	2.323	29,1	200
Coiros	33,9	1.660	49,0	31
Curtis	116,6	4.244	36,4	142
Irixoa	68,6	1.562	22,8	119
Miño	33,0	5.256	159,3	54
Oza dos Ríos	72,1	3.203	44,4	103
Paderne	39,8	2.710	68,1	60
Vilarmalor	30,3	1.287	42,5	94
Vilasantar	59,2	1.469	24,8	102
Fisterra	339,4	23.966	70,6	254
Cee	57,5	7.555	131,4	49
Corcubión	6,5	1.887	290,3	7
Dumbria	124,7	3.890	31,2	72
Fisterra	29,4	4.971	169,1	24
Muxía	121,3	5.663	46,7	102
Terra de Soneira	372,5	20.188	54,2	231
Camariñas	51,9	6.275	120,9	26
Vimianzo	187,4	8.364	44,6	107
Zas	133,2	5.549	41,7	98
Bergantiños	744,2	69.960	94,0	1.011
Cabana de Bergantiños	100,3	5.091	50,8	145
Carballo	186,8	30.091	161,1	303
Coristanco	141,1	7.528	53,4	141
A Laracha	125,8	10.871	86,4	248
Laxe	36,9	3.453	93,6	39
Malpica de Bergantiños	61,4	6.432	104,8	62
Ponteceso	91,9	6.494	70,7	73
Total Provincia de A Coruña	7.950,4	1.132.792	142,5	10.321
Total Galicia	29.574,4	2.772.533	93,7	29.998

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2007


Cadro 1.1.

Tal como se mostra no **cadro 1.1.**, a área funcional de A Coruña ten unha extensión de 2.602,9 km², o que representa o 32,7% da superficie total da provincia de A Coruña e o 8,8% da superficie total de Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro da área funcional as comarcas de Bergantiños e Betanzos con 744,2 e 677 km² respectivamente son as máis extensas. A nivel municipal destacan pola súa extensión fronte aos restantes concellos, os de Vimianzo e Carballo con 184 e 183 km² respectivamente.

En termos poboacionais, o citado **cadro 1.1.** mostra a poboación existente nos concellos e comarcas da área funcional en xaneiro do ano 2007, segundo datos do Padrón Municipal de Habitantes, os datos sinalados reflicten que o conxunto da área funcional na citada data contaba cunha poboación de

Pirámide de poboación da área funcional de A Coruña



Fonte: IGE. Cifras Oficiais de Poboación a 1 de xaneiro de 2007

Gráfico 1.1.

537.991 habitantes, polo que o 47,5% da poboación total da provincia de A Coruña reside na área funcional de A Coruña, así como o 19,4% da poboación galega total a un de xaneiro de 2007.

Das cinco comarcas que compoñen a área funcional de A Coruña, a máis poboada é a de A Coruña con 384.616 habitantes seguida da comarca de Bergantiños con 69.960 habitantes; no que respecta á densidade de poboación o conxunto da área funcional presenta 206,7 habitantes por km² fronte á densidade media galega que é de 93,7 h/km² e por encima tamén da densidade media da provincia de A Coruña que nesa data era de 142,5 h/km². No que atinxe á densidade poboacional, o carácter costeiro das cinco comarcas que compoñen a área funcional explica a elevada densidade respecto á media provincial e galega, non obstante, é importante salientar o feito de que entre os concellos da área funcional con maior densidade de poboación, exceptuando o caso particular do concello de A Coruña, están concellos localizados no interior da área funcional, como Cambre con 553,1 h/km², ou Carballo con 161,1 h/km².

A área funcional de A Coruña está composta por 3.409 entidades singulares de poboación. Estas defínense como calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada do mesmo, e que se coñece por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. Unha área considérase habitable cando existen na mesma vivendas habitadas ou en condicións de selo e considérase claramente diferenciada cando as edificacións e vivendas pertencentes á mesma poden identificarse perfectamente sobre o terreo e o conxunto das mesmas coñécese por unha denominación. As devanditas 3.409 entidades representan o 33% das existentes no conxunto da provincia de A Coruña e o 11,4% das existentes na Comunidade Autónoma. A nivel comarcal, Betanzos é a que acolle a un maior número de entidades singulares de poboación, con 1.086, seguida de Bergantiños con 1.011 entidades singulares.

Tal como se sinalou anteriormente, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, a poboación da área funcional de A Coruña a un de xaneiro de 2007 ascendía a 538.946 habitantes, a distribución da poboación da área funcional por grupos por idades e sexo ven representada pola pirámide poboacional da área (**gráfico 1.1**).

O perfil xeral da pirámide poboacional da área funcional a un de xaneiro de 2007 mostra unha

pirámide cun centro de gravidade medio, situado na franxa de idade entre 30 e 34 anos. A forma xeométrica da pirámide poboacional da área funcional analizada mostra unha poboación de idade media con tendencia ao envellecemento, basicamente pola escaseza de poboación menor de 25 anos. Neste senso, a poboación maior de 70 anos na área funcional de A Coruña é un 24% superior á poboación menor de 14 anos.

A nivel comarcal, o **Anexo 1**, mostra as pirámides poboacionais para as cinco comarcas que compoñen a área funcional de A Coruña; dado que o 71% da poboación da área funcional reside na comarca de A Coruña, a pirámide de poboación do conxunto da área funcional recolle as características fundamentais da poboación residente nesta comarca. Pola contra, a poboación das catro comarcas restantes da área funcional configura pirámides con centros de gravidade máis elevados e xeometricamente máis circulares, o que reflicte a existencia dunha poboación envellecida. Por outra banda salienta que a relación entre as porcentaxes de poboación menor de 14 anos e maior de 70 nas cinco comarcas segue a mesma pauta indicada para o conxunto da área funcional, sendo especialmente preocupante a situación da comarca de Betanzos onde a poboación maior de 70 anos residente nesta comarca é un 265% superior á poboación con menos de 14 anos.

Dende outro punto de vista, o **cadro 1.2.**, mostra a evolución da poboación a nivel comarcal e municipal na área funcional de A Coruña, no período 1998-2007. No citado período no conxunto da área funcional analizada prodúcese un incremento da poboación de 29.549 individuos, o que supón unha taxa de crecemento do 5,8%. Non obstante, este crecemento da poboación que experimenta a zona no período sinalado, non é homoxéneo e común a toda a área funcional senón que está localizado fundamentalmente nos nove concellos da comarca de A Coruña, sendo esta a única comarca das cinco que compoñen a área funcional que presenta no citado período unha taxa de incremento poboacional positiva.

Neste senso é importante salienta as taxas de crecemento de concellos como Culleredo (42,5%), Cambre (37,3%), Oleiros (31,5%) ou Sada (32,1%); entre as causas deste crecemento poboacional está, sen dúbida, o prezo da vivenda no concello de A Coruña, neste senso o prezo medio do metro cadrado de vivenda nova no concello de A Coruña é de 2.424 euros por metro cadrado no ano 2006, segundo datos do *Atlas socioeconómico de Galicia* elaborado por Caixanova, sendo o prezo da vivenda no concello de A Coruña o segundo máis elevado dos municipios de máis de 50.000 habitantes galegos, superando en máis de 800 euros o prezo medio do metro cadrado da vivenda nova existente en Galicia no ano 2006.

Fronte aos incrementos de poboación dos nove concellos da comarca de A Coruña, o 73% dos 26 concellos restantes que compoñen a área funcional de A Coruña perden poboación no período 1998-2007, sendo a taxa de incremento de poboación negativa en todas as comarcas da área funcional, agás na de A Coruña. No que respecta ás perdas de poboación no período 1998-2007, destacan os concellos de Dumbría, Cesuras ou Vilasantar, entre outros, con taxas de incremento da poboación negativas de máis do 18% no primeiro caso e en torno ao 14% nos dous últimos concellos citados.

No que respecta ás densidades de poboación, o feito de que a área funcional de A Coruña estea integrada por comarcas costeiras así como polo concello de A Coruña fai que existan grandes diferenzas en canto a densidades poboacionais dentro da área funcional.

Neste senso, o concello de A Coruña é o que presenta unha maior densidade de poboación de toda a área funcional, con 6.499,7 h/km². Unha característica diferenciadora da área funcional de A Coruña, é a existencia de concellos interiores con densidades de poboación elevadas, incluso superiores ás densidades de poboación de concellos costeiros, así acontece na comarca de Betanzos, onde o concello cunha maior densidade de poboación é Betanzos (550,7 h/km²), ou Bergantiños onde o concello máis densamente poboado é Carballo con 161,1 h/km².

Comisión Sectorial nº 3
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

Poboación 1998-2007

	1998		2007		Índice feminidade		Variación poboación 1998-2007	Taxa incremento poboación 1998-2007
	Total	Homes	Mulleres	Total	1998	2007		
Área funcional de A Coruña	508.442	243.483	264.959	537.991	1,09	1,09	29.549	5,8
A Coruña	350.446	166.343	184.103	384.616	1,11	1,10	34.170	9,8
Abegondo	5.451	2.724	2.727	5.808	1,00	1,00	357	6,5
Aleixo	21.290	10.677	10.613	27.713	1,00	1,00	6.423	30,2
Bergondo	5.817	2.830	2.987	6.540	1,06	1,07	723	12,4
Cambre	16.401	8.062	8.339	22.513	1,03	1,03	6.112	37,3
Carral	5.212	2.537	2.675	5.647	1,05	1,05	435	8,3
A Coruña	243.134	113.548	129.586	244.388	1,14	1,15	1.254	0,5
Culleredo	18.743	9.220	9.523	26.707	1,03	1,05	7.964	42,5
Oleiros	24.102	11.673	12.429	31.694	1,06	1,06	7.592	31,5
Sada	10.296	5.072	5.224	13.606	1,03	1,01	3.310	32,1
Betanzos	39.308	18.984	20.324	39.261	1,07	1,04	-47	-0,12
Aranga	2.448	1.219	1.229	2.219	1,01	0,98	-229	-9,35
Betanzos	12.296	5.801	6.495	13.328	1,12	1,11	1.032	8,39
Cesuras	2.733	1.362	1.371	2.323	1,01	1,04	-410	-15,00
Coirós	1.553	764	789	1.660	1,03	1,04	107	6,89
Curtis	4.523	2.208	2.315	4.244	1,05	1,03	-279	-6,17
Irixoa	1.768	871	897	1.562	1,03	1,02	-206	-11,65
Miño	4.870	2.289	2.581	5.256	1,13	1,01	386	7,93
Oza dos Ríos	3.240	1.572	1.668	3.203	1,06	1,02	-37	-1,14
Paderne	2.758	1.311	1.447	2.710	1,10	1,05	-48	-1,74
Villamaíor	1.412	714	698	1.287	0,98	0,93	-125	-8,85
Vilasantar	1.707	873	834	1.469	0,96	0,93	-238	-13,94
Fisterra	25.747	12.571	13.176	23.966	1,05	1,04	-1.781	-6,92
Cee	7.326	3.537	3.789	7.555	1,07	1,07	229	3,13
Corcubión	1.949	943	1.006	1.887	1,07	1,03	-62	-3,18
Dumbria	4.755	2.306	2.449	3.890	1,06	1,09	-865	-18,19
Fisterra	5.295	2.659	2.636	4.971	0,99	0,98	-324	-6,12
Muxía	6.422	3.126	3.296	5.663	1,05	1,04	-759	-11,82
Terra de Soneira	22.353	10.933	11.420	20.188	1,04	1,04	-2.165	-9,69
Camarínhas	7.105	3.517	3.588	6.275	1,02	1,02	-830	-11,68
Vimianzo	8.937	4.370	4.567	8.364	1,05	1,05	-573	-6,41
Zas	6.311	3.046	3.265	5.549	1,07	1,05	-762	-12,07
Bergantiños	70.588	34.652	35.936	69.960	1,04	1,04	-628	-0,89
Cabana de Bergantiños	5.804	2.888	2.916	5.091	1,01	1,04	-713	-12,28
Carballo	27.497	13.352	14.145	30.091	1,06	1,05	2.594	9,43
Coristanco	8.240	4.088	4.152	7.528	1,02	1,06	-712	-8,64
A Laracha	10.706	5.246	5.460	10.871	1,04	1,05	165	1,54
Laxe	3.541	1.743	1.798	3.453	1,03	1,00	-88	-2,49
Maipica de Bergantiños	7.377	3.619	3.758	6.432	1,04	1,06	-945	-12,81
Ponteceso	7.423	3.716	3.707	6.494	1,00	0,98	-929	-12,52
Total Provincia de A Coruña	1.106.325	531.769	574.556	1.132.792	1,08	1,08	26.467	2,39
Total Galicia	2.724.544	1.310.415	1.414.129	2.772.533	1,08	1,07	47.989	1,76

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2006

Cadro 1.2.

Movemento natural de poboación 2000-06*

	2000			2006		
	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
Área funcional de A Coruña	3.799	4.970	-1.171	4.297	5.130	-833
A Coruña	2.854	3.213	-359	3.240	3.344	-104
Abegondo	34	66	-32	42	73	-31
Arteixo	214	151	63	294	178	116
Bergondo	29	80	-51	42	72	-30
Cambre	227	125	102	235	126	109
Carral	42	80	-38	43	41	2
A Coruña	1.731	2198	-467	1.899	2273	-374
Culleredo	237	131	106	292	185	107
Oleiros	244	263	-19	283	279	4
Sada	96	119	-23	110	117	-7
Betanzos	217	557	-340	249	540	-291
Aranga	8	35	-27	14	29	-15
Betanzos	87	160	-73	112	148	-36
Cesuras	9	48	-39	6	53	-47
Coirós	6	19	-13	11	25	-14
Curtis	23	65	-42	24	47	-23
Irixoa	9	19	-10	4	26	-22
Miño	38	71	-33	44	54	-10
Oza dos Ríos	17	46	-29	19	59	-40
Paderne	7	44	-37	10	49	-39
Vilarmaior	8	25	-17	1	21	-20
Vilasantar	5	25	-20	4	29	-25
Fisterra	153	241	-88	166	255	-89
Cee	41	70	-29	62	70	-8
Corcubión	16	11	5	22	21	1
Dumbria	18	36	-18	20	40	-20
Fisterra	41	48	-7	34	49	-15
Muxía	37	76	-39	28	75	-47
Terra de Soneira	127	230	-103	123	242	-119
Camariñas	39	68	-29	35	54	-19
Vimianzo	49	96	-47	61	101	-40
Zas	39	66	-27	27	87	-60
Bergantiños	448	729	-281	519	749	-230
Cabana de Bergantiños	27	51	-24	19	60	-41
Carballo	240	262	-22	274	280	-6
Coristanco	41	82	-41	37	74	-37
A Laracha	58	121	-63	101	129	-28
Laxe	19	43	-24	16	34	-18
Malpica de Bergantiños	34	89	-55	33	89	-56
Ponteceso	29	81	-52	39	83	-44
Total Provincia de A Coruña	7.943	11028	-3.085	8734	11308	-2.574
Total Galicia	19.418	28858	-9.440	21081	29045	-7.964

* Os datos para o ano 2006 son provisionais
 Fonte: IGE, Movemento natural de poboación

Cadro 1.3.

Fronte ás sinaladas densidades de poboación, elevadas en relación á densidade media galega, sitúanse concellos como Aranga ou Irixoa que están en torno aos 20 h/km². A existencia dentro da área funcional de catro comarcas, das cinco que a compoñen, que non acadan os 100 h/km², repercute en que a densidade de poboación media da área funcional de A Coruña (206,7 h/km²) sexa só un 31% superior á densidade media da provincia de A Coruña (142,5 h/km²), cando o 71% da poboación da área funcional reside na comarca de A Coruña, onde a densidade de poboación media é de 818,7 h/km².

En canto á variación que se produce no total de poboación debido a factores naturais, é dicir, o saldo vexetativo, entendido como a diferenza entre os nacementos e as defuncións, o Instituto Galego de Estatística recolle os datos para o ano 2006 que compararemos cos datos do ano 2000, mostran como a nivel comarcal dentro da área funcional obxecto de análise ningunha das cinco comarcas analizadas presenta un saldo vexetativo positivo no ano 2006. A nivel municipal destaca que só cinco con-

cellos, dos 35 que compoñen a área funcional, presentan saldo vexetativo positivo no ano 2006, pertencendo todos eles á comarca de A Coruña, destacando os concellos de Arteixo, Cambre e Culleredo cun saldo vexetativo positivo de 116, 109 e 107 respectivamente (**cadro 1.3.**).

No conxunto da área funcional de A Coruña no ano 2006 rexistráronse un total de 4.297 nacementos, un 13% máis que no ano 2000, e 5.130 defuncións, un 3,2% máis que no ano 2000, pasando o saldo vexetativo de -1.171 individuos no ano 2000 a -883 no ano 2006, o que supón unha redución no saldo vexetativo negativo no período sinalado do 28,9%.

Continuando coa análise poboacional resulta de interese analiza-la concentración ou dispersión da poboación no conxunto da área funcional, para isto, sería de gran interese dispoñer de datos poboacionais de unidades inferiores aos municipios, sen embargo ao non existir na literatura ningún indicador ou dato neste sentido, óptase por agrupar a poboación segundo residan en concellos de menos de 3.000 habitantes, en concellos entre 3.000 e 6.000 habitantes, entre 6.000 e 12.000 habitantes, entre 12.000 e 24.000 habitantes, entre 24.000 e 32.000 habitantes e de máis de 32.000 habitantes.

O **cadro 1.4.**, mostra os datos da poboación residente nos 35 concellos da área funcional a un de xaneiro de 2007, agrupados en función do número de habitantes segundo o anteriormente sinalado.

No conxunto da área funcional a porcentaxe de poboación residente en concellos de menos de 3.000 habitantes é do 2,8% (15.142 persoas), existindo oito concellos con menos de 3.000 habitantes no conxunto da área funcional, dos que sete pertencen á comarca de Betanzos, de forma que o 34% da poboación desta comarca reside en concellos de menos de 3.000 habitantes.

No que respecta ao volume de poboación da área funcional residente en concellos de entre 3.000 e 6.000 habitantes, destacar que existen 9 concellos dos 35 que compoñen a área funcional que están situados nesta franxa de poboación, de xeito que o 7,7% (41.320 h.) da poboación total da área funcional reside en concellos de máis de 3.000 e de menos de 6.000 habitantes.

Existen dez concellos con poboación entre 6.000 e 12.000 habitantes, onde reside o 13,5% da poboación total da área funcional, e tres concellos con poboación entre 12.000 e 24.000 habitantes onde reside o 9,1% da poboación total analizada.

Na franxa de poboación entre 24.000 e 36.000 habitantes existen catro concellos, os de Arteixo, Culleredo e Oleiros na comarca de A Coruña e o de Carballo na comarca de Bergantiños, onde reside o 21,6% da poboación total da área funcional; e, finalmente na área funcional analizada só existe un concello o de A Coruña con máis de 32.000 habitantes, situado no límite superior da franxa de poboación con 244.388 habitantes, representa o 45,3% da poboación total da área funcional.

Para finaliza-la análise do territorio e demografía da área funcional de A Coruña é importante estudar os movementos migratorios, tanto inmigracións como emigracións, interiores e exteriores rexistradas na área funcional a un de xaneiro de 2006, sendo este o último dato dispoñible.

Á hora de analiza-los movementos migratorios dentro da área funcional de A Coruña, seguiremos a metodoloxía do INE, distinguindo catro formas de conceptualizar o fenómeno migratorio: inmigración interior, inmigración exterior, emigración interior e emigración exterior. O **cadro 1.5.** recolle estes indicadores a nivel comarcal.

Entendemos por movemento migratorio, os cambios de residencia das persoas que se producen dentro dun territorio dado.

Dentro da análise dos movementos migratorios da área funcional de A Coruña, estudaremos en primeiro lugar a inmigración, tanto interna como externa, entendendo por inmigración para un ámbito xeo-

Poboación nos concellos 2007: distribución segundo tramos de número de habitantes

Área funcional de A Coruña	< 3.000 hab	3.000 > hab < 6.000	6.000 > hab < 12.000	12.000 > hab < 24.000	24.000 > hab < 32.000	> 32.000 hab.	Total
A Coruña	15.142	41.320	72.444	49.447	116.205	244.388	538.946
Abegondo			5.808				385.516
Arteixo					27.713		5.808
Bergondo			6.540				27.713
Cambre				22.513			6.540
Carral			6.547				22.513
A Coruña						244.388	6.547
Culleredo					26.707		244.388
Oleiros					31.694		26.707
Sada				13.606			31.694
							13.606
Betanzos							39.286
Aranga	2.219						2.219
Betanzos				13.328			13.328
Cesuras	2.323						2.323
Colirós	1.660						1.660
Curtis		4.244					4.244
Irixoa	1.562						1.562
Miño		5.256					5.256
Oza dos Ríos		3.203					3.203
Paderne	2.735						2.735
Vilarmalor	1.287						1.287
Vilasantar	1.469						1.469
							23.966
Fisterra							7.555
Cee			7.555				7.555
Corcubión	1.887						1.887
Dumbria		3.890					3.890
Fisterra		4.971					4.971
Muxia		5.663					5.663
							20.188
Terra de Soneira							6.275
Camarinas			6.275				6.275
Vimianzo			8.364				8.364
Zas		5.549					5.549
							69.990
Bergantiños							5.091
Cabana de Bergantiños		5.091			30.091		5.091
Carballo							30.091
Coristanco			7.528				7.528
A Laracha			10.871				10.871
Laxe		3.453					3.453
Malpica de Bergantiños			6.462				6.462
Ponteceoso			6.494				6.494

Fonte: IGE

Cadro 1.4.

Movements migratorios a 1 de xaneiro de 2006

	Inmigración			Emigración			SalDOS	
	Interior		Exterior Do Estranxeiro	Interior		Exterior Ao Estranxeiro	Interno	Externo
	Mesma CCAA	Doutra CCAA		Mesma CCAA	A outra CCAA			
Área funcional de A Coruña	19.142	3.804	5.114	14.166	4.186	757	4.594	4.357
A Coruña	12.040	3.021	4.077	10.925	3.378	549	758	3.528
Betanzos	1.155	206	225	1.002	177	39	182	186
Fisterra	377	192	169	445	185	56	-61	113
Terra de Soneira	228	87	186	412	88	54	-185	132
Bergantiños	1.136	298	457	1.382	358	59	-306	398
Total Provincia A Coruña	4.206	8.294	8.903	3.175	8.309	1.625	1.016	7.278
Total Galicia	-	19.929	22.748	-	20.800	3.909	- 871	18.839

Fonte: INE; Atlas socio-económico de Galicia, caixanova

Cadro 1.5.

gráfico determinado, aquela migración con destino neste ámbito e orixe fóra do mesmo. Enténdese por inmigración interna as altas no Padrón de Habitantes que se rexistran como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes doutros concellos españois; entendéndose por inmigración externa as altas no Padrón de Habitantes que se rexistran en cada concello como consecuencia de novos residentes procedentes do estranxeiro.

Dentro da inmigración interior na área funcional de A Coruña, tal como se mostra no citado **cadro 1.5.**, pode distinguirse a que provén de Galicia ou doutra Comunidade Autónoma do Estado español. Na área funcional de A Coruña o maior volume de inmigración interna son movementos migratorios dentro de Galicia, acadando en xaneiro de 2006, 19.142 migracións.

No que respecta á inmigración interior procedente doutra CCAA, e, en concreto, en relación ás CCAA de procedencia, o **cadro 1.6.** mostra como Madrid, Canarias e Cataluña con 826, 640 e 492 altas, son as Comunidades Autónomas de orixe máis importantes en canto a volume de inmigrantes internos procedentes doutra CCAA na área funcional de A Coruña; ao igual que acontece para o conxunto da provincia de A Coruña e para Galicia, sendo nestes dous últimos casos a Comunidade Autónoma Canaria a primeira en número de inmigrantes no ano 2006.

O **cadro 1.7.** mostra a idade e sexo dos inmigrantes internos con residencia nas comarcas que compoñen a área funcional de A Coruña, neste senso dos 18.740 inmigrantes internos na área funcional de A Coruña a un de xaneiro de 2006, o 50,6% son mulleres e, polo tanto, o 49,4% restante homes; no que respecta ás idades dos inmigrantes, o 51% dos mesmos teñen entre 30 e 64 anos, e o 24,9% teñen entre 15 e 29 anos; de xeito que só o 7,3% dos inmigrantes internos totais a un de xaneiro de 2006 nas cinco comarcas da área funcional de A Coruña tiñan máis de 65 anos.

Finalmente, no que respecta á inmigración na área funcional de A Coruña, destacar que non existen datos do orixe dos inmigrantes externos, é dicir da nacionalidade dos inmigrantes que se dan de alta no Padrón de Habitantes procedentes do estranxeiro; sen embargo o **cadro 1.8.**, mostra o número idade e sexo deste tipo de inmigrantes, destacando que a un de xaneiro de 2006 había no conxunto da área funcional un total de 5.114 inmigrantes externos dos que o número de homes e mulleres é aproximadamente igual, estando o 78% do total en idades comprendidas entre 15 e 64 anos.

No que respecta á emigración, os **cadros 1.9.**, **1.10.** e **1.11.** mostran o volume e características da emigración interior e exterior, na área funcional de A Coruña.

O **cadro 1.9.**, mostra a emigración interior por Comunidade Autónoma de destino, destacando en

Inmigración interior por Comunidade Autónoma de procedencia 2006

	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha	Cataluña	Comunidade Valenciana	Extremadura	Galicia
Área funcional de A Coruña	271	91	249	161	640	49	355	96	492	234	39	14.936
A Coruña	227	83	209	101	454	41	303	82	385	188	31	12.040
Belanzos	16	1	19	16	21	2	21	5	21	15	1	1.155
Fisterra	8	2	3	7	56	2	10	3	36	9	2	377
Terra de Soneira	1	3	2	16	21	-	3	1	22	4	-	228
Bergantiños	19	2	16	21	88	4	18	5	48	18	5	1.136
Total Provincia de A Coruña	754	150	412	472	1.646	117	659	171	943	433	84	4.206
Total Galicia	1.490	318	1.169	973	3.706	239	1.832	383	2.815	1.052	196	-

	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	A Ríoxa	Ceuta	Melilla
Área funcional de A Coruña	826	71	36	172	9	3	10
A Coruña	704	64	32	119	8	2	8
Belanzos	47	3	-	16	-	1	1
Fisterra	28	1	-	24	-	-	1
Terra de Soneira	11	-	-	3	-	-	-
Bergantiños	36	3	4	10	1	-	-
Total Provincia de A Coruña	1.587	194	80	482	66	18	26
Total Galicia	3.694	325	225	1.261	147	52	57

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 1.6.

Inmigración interior por idade e sexo 2006

	Sexo			Idade			
	Total	Homes	Mulleres	0-14 anos	15-29 anos	30-64 anos	65 e máis anos
Área funcional de A Coruña	18.740	9.258	9.482	3.173	4.659	9.537	1.371
A Coruña	15.061	7.317	7.744	2.645	3.702	7.680	1.034
Betanzos	1.361	743	618	192	312	715	142
Fisterra	569	288	281	82	153	283	51
Terra de Soneira	315	160	155	44	87	164	20
Bergantiños	1.434	750	684	210	405	695	124
Total Provincia de A Coruña	12.051	6.143	5.908	1.579	2.953	4.883	2.636
Total Galicia	19.934	10.306	9.628	2.829	6.194	9.262	1.649

Fonte: Caixanova, *Atlás socio-económico de Galicia*

Cadro 1.7.

Inmigración exterior por idade e sexo 2006

	Sexo			Idade			
	Total	Homes	Mulleres	0-14 anos	15-29 anos	30-64 anos	65 e máis anos
Área funcional de A Coruña	5.114	2.519	2.595	820	1.626	2.361	307
A Coruña	4.077	1.954	2.123	654	1.394	1.788	241
Betanzos	225	109	116	27	63	113	22
Fisterra	169	93	76	34	20	97	18
Terra de Soneira	186	108	78	24	45	111	6
Bergantiños	457	255	202	81	104	252	20
Total Provincia de A Coruña	8.903	4.433	4.470	563	2.873	4.931	536
Total Galicia	22.948	11.632	11.316	1.569	7.317	12.605	1.457

Fonte: Caixanova, *Atlás socio-económico de Galicia*

Cadro 1.8.

primeiro lugar que, tal como se mostra no **cadro 1.5.**, das 19.109 emigracións tanto interiores como exteriores, a un de xaneiro de 2006, o 74,1% tiveron como destino a mesma ou outra provincia galega.

No que respecta á emigración con destino noutra CCAA do estado español, destacan por volume de emigracións as CCAA de Madrid, Canarias e Cataluña con 821, 714 e 559 emigracións respectivamente. A nivel comarcal, dentro da área funcional a comarca cun maior volume de emigracións cara a unha CCAA española distinta da galega é a de A Coruña, acollendo o 87%, 73,7% e 80% do total de emigrantes da área funcional ás CCAA de Madrid, Canarias e Cataluña respectivamente.

En relación ás idades dos emigrantes internos da área funcional, o **cadro 1.10.** mostra como existe igualdade no sexo, estando o 50,7% dos emigrantes internos que deixan a área funcional en idades comprendidas entre 30 e 64 anos.

Finalmente destacar que a emigración externa con destino en países estranxeiros, é de 757 emigrantes, e que tal como se mostra no **cadro 1.11.**, o 53,1% dos mesmos teñen entre 30 e 64 anos.

Finalmente analizaremos o saldo migratorio e a taxa de migración da área funcional de A Coruña,

Emigración interior por Comunidade Autónoma de destino 2006

	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha	Cataluña	Comunidade Valenciana	Extremadura	Galicia
Área funcional de A Coruña	419	82	199	267	714	65	259	97	559	367	28	14.166
A Coruña	341	67	166	201	526	59	208	79	448	304	23	10.925
Belanzos	16	4	6	13	18	-	-	13	19	12	1	1.002
Fisterra	13	8	1	12	59	-	12	-	32	4	1	445
Terra de Soneira	5	1	6	10	22	-	2	1	15	8	-	412
Bergantiños	44	2	20	31	89	6	17	4	45	39	3	1.382
Total Provincia de A Coruña	836	164	355	504	1.921	120	471	152	1.170	657	61	3.175
Total Galicia	1.848	409	1.052	1.133	4.408	279	1.450	424	3.072	1.739	202	-

	Madrid	Murcia	Navarra	Pais Vasco	A Ríoxa	Ceuta	Melilla
Área funcional de A Coruña	821	90	26	139	36	4	14
A Coruña	716	80	26	93	25	2	14
Belanzos	32	3	-	18	1	1	-
Fisterra	24	0	0	15	4	0	-
Terra de Soneira	12	3	-	3	-	-	-
Bergantiños	37	4	-	10	6	1	-
Total Provincia de A Coruña	1.122	211	79	391	51	13	31
Total Galicia	2.869	419	204	1.057	157	33	45

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

Cadro 1.9.

Comisión Sectorial nº 3
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

Emigración interior por idade e sexo 2006

	Sexo			Idade			
	Total	Homes	Mulleres	0-14 anos	15-29 anos	30-64 anos	65 e máis anos
Área funcional de A Coruña	18.352	9.112	9.240	3.059	4.649	9.301	1.343
A Coruña	14.303	7.097	7.206	2.525	3.349	7.368	1061
Betanzos	1.179	591	588	158	321	586	114
Fisterra	630	309	321	94	214	294	28
Terra de Soneira	500	254	246	52	172	240	36
Bergantiños	1.740	861	879	230	593	813	104
Total Provincia de A Coruña	11.685	5.995	5.690	1.511	3.068	4.648	2.458
Total Galicia	21.372	11.133	10.239	2.163	4.737	7.083	7.389

Fonte: Caixanova, *Atlás socio-económico de Galicia*

Cadro 1.10.

Emigración exterior por idade e sexo 2006

	Sexo			Idade				Saldo migratorio	Taxa de migración (1)
	Total	Homes	Mulleres	0-14 anos	15-29 anos	30-64 anos	65 e máis anos		
Área funcional de A Coruña	757	387	370	75	209	402	71	4.745	8,8
A Coruña	549	275	274	57	149	294	49	4.286	11,3
Betanzos	39	24	15	-	11	22	6	368	9,4
Fisterra	56	28	28	4	13	31	8	52	2,2
Terra de Soneira	54	30	24	6	16	28	4	-53	-2,6
Bergantiños	59	30	29	8	20	27	4	92	1,3
Total Provincia de A Coruña	1.625	800	825	63	529	892	141	1.736	6,8
Total Galicia	3.909	1.942	1.967	207	1.217	2.093	392	17.601	6,4

(1) A taxa de migración está calculada en base á poboación existente a un de xaneiro de 2006, segundo a *Estadística de Variaciones residenciales 2006* do INE.
 Fonte: Caixanova, *Atlás socio-económico de Galicia*

Cadro 1.11.

entendendo saldo migratorio como o saldo resultante de restar aos dous tipos de inmigración (interna e externa) os dous tipos de emigración (interna e externa), así o saldo migratorio da área funcional obxecto de estudo en xaneiro de 2006, é de 4.745 individuos, o que implica que a inmigración é superior á emigración en 4.745 individuos. Por outra banda a taxa de migración é o saldo migratorio relativizado polo total de poboación a un de xaneiro de 2006 multiplicado por 1.000: esta taxa é de 8,8 por mil no conxunto da área funcional, superior á taxa existente para a provincia de A Coruña (6,8) e superior tamén á taxa media galega (6,4) no citado ano. ■